



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 10 DE MARZO DE 2017

Na Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 14:15 horas do día 10 de marzo de 2017, baixo a Presidencia do sr. alcalde, José Manuel López Varela e, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionarán, reúnese a Xunta de Goberno Local, ao obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

Sres Asistentes:

PRESIDENTE

José Manuel López Varela

CONCELLEIROS

José Ramón Martínez Barbeito

Jesús Souto Pena

Ramiro Bello Recouso

José Alberto Blanco Veiga

Asiste como secretario, Juan Carlos Antelo Martínez, secretario accidental da Corporación, que da fe do acto.

Asiste o interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do día.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Non producíndose reparo nin observación de ningún tipo á acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 16 de febreiro de 2017, é aprobada por **unanimidade** dos membros presentes.





2.- DAR CONTA DA AVOCACION PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DENTRO DA CONVOCATORIA DA CONSELLERÍA DO MAR PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA PROXECTOS AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP), APROBADAS AOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DAS ZONAS DE PESCA NO MARCO DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA 2014-2020, PARA A CONSTRUCCIÓN DE UN CENTRO COMUNITARIO “COSTA DA MORTE” NA LOCALIDADE DE CAIÓN.-

O secretario da conta da Resolución de alcaldía nº 138/2017 de 27 de febreiro na que, por motivos de urxencia, o alcalde avoca con carácter singular a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a solicitude de subvencións en aqueles supostos en que a convocatoria non as atribúa a outros órganos municipais.

3.- DAR CONTA DA AVOCACION PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DENTRO DA CONVOCATORIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUIÑOS DO CONCELLO DA LARACHA, PARA O PRESENTE ANO 2017.-

O secretario da conta da Resolución de alcaldía nº 143/2017 de 1 de marzo na que, por motivos de urxencia, o alcalde avoca con carácter singular a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para a solicitude de subvencións en aqueles supostos en que a convocatoria non as atribúa a outros órganos municipais.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS PARA A LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS, DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA, DURANTE O EXERCICIO 2017 (B.O.P. nº 37 de data 22 de febreiro de 2017) .-

O Secretario da conta da convocatoria da subvención sinalada no epígrafe.





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 15 de xuño de 2015, para a solicitude e aceptación de subvencións en aqueles supostos en que a convocatoria non as atribúa a outros órganos municipais, por unanimidade dos membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención á Deputación, por importe de 32.679,72 euros, para a contratación de tres cuadrillas de catro compoñentes cada unha, para a limpeza de praias de Caión, por un período de tres meses (xuño, xullo e agosto) de 2017, conforme ao orzamento de gastos que se describe a continuación:

ORZAMENTO TOTAL	32.679,72 euros
IMPORTE SOLICITADO	32.679,72 euros
DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO	
Soldos e salarios	23.400 euros
Seguridade Social	9.279,72 euros

SEGUNDO.- Facultar ao sr. Alcalde para asinar a solicitude por medios electrónicos e anexos esixidos e realizar cantos trámites sexan precisos para a efectividade do presente acordo.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO AOS CONCELLOS E AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA FINANCIAR O GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO DURANTE O EXERCICIO 2017 (B.O.P. nº 32 de data 15 de febreiro de 2017) .-

O Secretario da conta da convocatoria da subvención sinalada no epígrafe.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 15 de xuño de 2015, para a solicitude e aceptación de subvencións en aqueles supostos en que a convocatoria non as atribúa a outros órganos municipais, por unanimidade dos membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención á Deputación, por importe de 13.755,30 euros, para a contratación de un Técnico de Turismo por un período de seis meses, de xuño a novembro de 2017, conforme ao





orçamento de gastos que se describe a continuación:

ORZAMENTO TOTAL	13755,30 euros
IMPORTE SOLICITADO	13755,30 euros
DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO	
Soldos e salarios	10361,82 euros
Seguridade Social	3393,48 euros

SEGUNDO- Facultar ao sr. Alcalde para asinar a solicitude por medios electrónicos e anexos esixidos e realizar cantos trámites sexan precisos para a efectividade do presente acordo.

6.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO “SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES”.-

O secretario da conta do presente expediente de contratación no que consta:

- Por Providencia de alcaldía iniciouse o pasado 29 de decembro de 2016 o expediente de contratación para a contratación do “**SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES**”.

- Por Resolución de alcaldía nº 4/2017, de data 3 de xaneiro de 2017, se aprobou o expediente de contratación, coa aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicos.

- Publicado un anuncio no BOP nº 10 do 16 de xaneiro de 2017 e no perfil de contratante, concedendo 15 días naturais para presentar as ofertas, recibíronse as seguintes en prazo e forma:

Núm. rexistro	Remitente
20170000000460	GERPE RODRIGUEZ, M ESMERALDA
20170000000468	ABELED0 PEREZ, MARIA CARMEN
20170000000481	CASTIÑEIRAS BOUZAS, ISABEL
20170000000486	BERMOR ABOGADOS S.L



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

201700000000492	BEATRIZ NUÑEZ VAZQUEZ
201700000000536	OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS
201700000000537	DIEGO TORRES JACK
201700000000538	LAGO &PORTA ASOCIADOS
201700000000539	RODRIGUEZ RODRIGUEZ TORRES SL
201700000000540	MARIA JESUS DUBRA REY
201700000000705	AMESTI MONTES, MIREN KARMELE

O día 13 de febreiro de 2017, reuniuse a mesa de contratación para proceder á apertura dos sobre nº A “Declaración responsable” e do sobre nº B “Proposta económica e relativa aos criterios de adxudicación”, acordando propoñer ao órgano de contratación, a seguinte clasificación das ofertas por orde decrecente:

Remitente	<u>OFERTA ECONÓMICA</u> (MAX.6 PTOS) (Prezo total x 1 ano)	<u>AMPLIACIÓN DAS HORAS DE CONTRATO</u> (MAX 3 PTOS) (0,50 cada hora)	<u>CURSOS FORMATIVOS(min20horas)</u> (MAX 1 PTO. 0,50 por curso)	<u>TOTAL</u>
BERMOR ABOGADOS S.L	6 (11.704,82 €)	3	1	10
OSVENTOS INNOVACION EN SERVICIOS	5,37 (11.948,33 €)	3	1	9,37
MARIA JESUS DUBRA REY	4,99 (12.098,79 €)	3	1	8,99
RODRIGUEZ RODRIGUEZ TORRES SL	4,99 (12.098,79 €)	3	1	8,99
BEATRIZ NUÑEZ VAZ- QUEZ	4,02 (12.473,89 €)	3	1	8,02
DIEGO TORRES JACK	2,50 (13.066,79 €)	1,5	1	5
ABELED0 PEREZ, MARIA CARMEN	2,66 (13.007,50 €)	1,5	0	4,16
GERPE RODRIGUEZ, M ESMERALDA	1,90 (13.301,29 €)	2	0	3,90
LAGO &PORTA ASOCIA- DOS	1,88 (13.310,00 €)	0,5	0,5	2,88



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

AMESTI MONTES, MIREN KARMELE	0 (14.046,36 €)	2	0	2
CASTIÑEIRAS BOUZAS, ISABEL	0 (14.046,24 €)	1,5	0	1,5

Por resolución de alcaldía nº109/2017 realizouse a clasificación das proposicións presentadas segundo a proposta da Mesa de Contratación e se requiriu a BERMOR ABOGADOS S.L para que, no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación do requirimento, presente a documentación xustificativa establecida na cláusula 18 (nos seus diferentes puntos) dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación, e o documento acreditativo da constitución da garantía definitiva, que será o 5% do importe de adxudicación, que ascende á seguinte cantidade: 967,34 euros (5% de 9673,40 € prezo sen IVE x 2 anos). Dita documentación é presentada polo licitador o día 3 de marzo de 2017 (registro de entrada nº 1053)

O órgano de contratación é o sr. alcalde en virtude das atribucións conferidas pola Disposición Adicional segunda, arts. 51 e 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 (TRLCSP), do 14 de novembro. Non obstante, mediante Resolución da Alcaldía de 15 de xuño de 2015 delegouse na Xunta de Goberno Local a seguinte atribución: “a adxudicación das proposicións presentadas polos licitadores en todas as contratacións e concesións atribuídas á Alcaldía, agás aquelas que teñan a consideración de contrato menor, e mesmo nos contratos privados cun importe superior aos 18.000,00 euros”.

Sometido o asunto a votación, a Xunta de Goberno Local, en exercicio das atribucións que ten delegadas polo sr. alcalde, **por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar a BERMOR ABOGADOS S.L con CIF B-15527381, a execución do contrato do “SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES”, polo prezo de 11.704,82 euros: 9.673,41 euros mailo IVE por importe de 2.031,41 euros, e as ampliacións de horas de contrato e cursos formativos incluídas na súa oferta.

SEGUNDO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e publicala no





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Perfil do Contratante.

TERCEIRO.- Notificar a BERMOR ABOGADOS S.L con CIF B-15527381, o presente acordo e citarlle para a sinatura do contrato administrativo que terá lugar dentro dos quince días hábiles seguintes ao da recepción da notificación da adxudicación.

CUARTO.- Comunicarlle aos interesados que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa) ou, con carácter previo e potestativo, poderán interpoñer recurso de reposición, ante o propio órgano que ditou a Resolución e nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REMODELACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO”.-

O secretario da conta do presente expediente de contratación:

O 23 de agosto de 2016, por medio de Providencia da Alcaldía, iníciase expediente de contratación da obra **“REMODELACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO”** (Convenio coa Deputación Provincial da Coruña 114/2016).

O 19 de setembro do 2016 procedeuse á apertura dos sobres A e B dos procedementos de contratación, trasladando aos servizos técnicos municipais os sobres B ao fin de que emitan informes nos que propoñan a este órgano de contratación unha puntuación das ofertas presentadas nos sobres B tendo en conta a valoración máxima dos distintos criterios de adxudicación aprobada polo sr. Alcalde na Resolución da Alcaldía 616/2016 do 11 de agosto no anexo V do Prego-Tipo.

O 9 de decembro de 2016 á vista da valoración dos sobres B dos servizos técnicos procedeuse á apertura dos



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

sobres C e acordouse iniciar unha rolda de negociación cos licitadores, a cuxo fin comunicóuselles a orde na que se atopaban as súas ofertas en función do prezo ofertado e do porcentaxe de control de calidade externo, pero non se lles informou das ofertas concretas dos demais licitadores, debendo presentar novas ofertas por escrito que melloraran, se o consideraban oportuno, o contido da súa oferta.

O órgano encargado da negociación do contrato (o alcalde), asistido polo secretario e pola interventora, reúne, en cumprimento do disposto na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos Plans Provinciais (BOP nº 63 do 05/04/2016) para proceder á apertura das segundas ofertas, cos seguintes resultados:

Licitador	Puntos SOBRE B	Puntos OFERTA ECONÓMICA	Puntos TOTAL
ALVAC	10,92	27,45	38,37
COPCISA	16,10	40,00	56,10
HORDESCON, SL	13,06	23,59	36,65
INNOVA DESARROLLOS	12,86	29,24	42,10
TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS, SL	14,16	19,57	33,73
CANARGA, S.L.	14,83	23,35	38,18

Realizado os cálculos aplicando a fórmula elaborada polo [Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela \(<http://www.dicoruna.es/valoracion/>\)](#) tal e como se indicaba no Anexo V (Criterios de Adxudicación) do prego tipo de cláusulas, o límite da oferta temeraria é de 63.848,81 euros. COPCISA presenta unha oferta por debaixo deste límite (61.357,62euros)

Polo que, consonte co disposto na cláusula 15.5 do prego-tipo, dáse un prazo de audiencia de 5 días ao citado licitador para que xustifique a valoración da súa oferta e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire á xustificación dos prezos ofertados, o volume da obra e a relación entre custos laborais fixos e volume da obra contratada.

No prazo concedido a tal efecto o licitador presentou escrito de xustificación das súa oferta económica o 20 de xaneiro de 2017 (Rexistro de entrada nº 323). O dito escrito é sometido informe da arquitecta técnica do Concello da Laracha. Dito informe conclúe que: “a vista da documentación presentada entendo que a



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

empresa non xustifica suficientemente a súa oferta, xa que non se aporta a documentación sinalada na cláusula 15.5.3 do PCAP, de aportación obrigatoria segundo o disposto na citada cláusula; polo que se propón que sexa excluída a empresa COPCISA, SA.”

Por resolución 105/2017 se rexeita a xustificación da oferta presentada por Copcisa, S.A. e se clasifican as proposicións presentadas co seguinte orde:

Licitador	Oferta económica total	Puntos SOBRE B	Puntos OFERTA ECONÓMICA	Puntos TOTAL
INNOVA DESARROLLOS	69.573,86	12,86	29,24	42,10
ALVAC	70.894,94	10,92	27,45	38,37
CANARGA, S.L.	73.847,99	14,83	23,35	38,18
HORDESCON, SL	73.587,72	13,06	23,59	36,65
TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS, SL	76.397,57	14,16	19,57	33,73

Asemade se require a INNOVA DESARROLLOS para que, no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba a notificación do requirimento, presente a documentación xustificativa establecida na cláusula 12.1 (nos seus diferentes puntos) dos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación, que a presenta o día 2 de marzo de 2017, rexistro de entrada nº 1027 e o documento acreditativo da constitución da garantía definitiva, que será o 5% do importe de adxudicación, que ascende á cantidade de: 2.874,95 euros.

O órgano de contratación é o sr. alcalde en virtude das atribucións conferidas pola Disposición Adicional segunda, arts. 51 e 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 (TRLCSP), do 14 de novembro. Non obstante, mediante Resolución da Alcaldía de 15 de xuño de 2015 delegouse na Xunta de Goberno Local a seguinte atribución: “a adxudicación das proposicións presentadas polos licitadores en todas as contratacións e concesións atribuídas á Alcaldía,





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

agás aquelas que teñan a consideración de contrato menor, e mesmo nos contratos privados cun importe superior aos 18.000,00 euros”.

Así mesmo, de conformidade coa cláusula 15.9 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos Plans Provinciais (BOP nº 63 do 05/04/2016), en tanto que para a execución das obras será necesario contar con un director facultativo das obras de conformidade co artigo 230 e concordantes da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011 (TRLCSF) e un coordinador de seguridade e saúde conforme co Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, deberá nomearse no acordo de adxudicación.

Segundo o Informe 3/2012, do 27 de marzo de 2012, de consulta sobre duración dos contratos de servizos de dirección de obra da Xunta Consultiva de contratación Administrativa “*poderanse concertar contratos menores de dirección de obras cando o seu importe non supere os 18.000,00 euros (IVE excluído) e o prazo de execución das obras das que sexa contrato complementario, de acordo co prego e proxecto do contrato de obras, non supere un ano. Todo iso sen prexuízo de que as prestacións derivadas do contrato de dirección de obra se prolonguen no caso de atrasos na execución das obras ata a súa terminación e se estendan aos traballos que haxa que efectuar durante o prazo de garantía das obras e as actuacións necesarias para a liquidación do contrato principal, que se poderán realizar fora do indicado prazo dun ano e durante as que o contrato de dirección de obra debe entenderse vixente*”, polo que, para a contratación do director facultativo da obra considerase como procedemento máis adecuado o contrato menor, xa que o valor estimado do contrato é inferior a 18.000,00 euros e o prazo de execución das obras non supera o ano.

Sometido o asunto a votación, a Xunta de Goberno Local, en exercicio das atribucións que ten delegadas polo sr. alcalde, **por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adxudicar a INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.U. con CIF B94098035, a execución da obra “**REMODELACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO**” (Convenio coa Deputación Provincial da Coruña 114/2016)- polo prezo de 69.573,86 euros: 57.499,06 euros mailo IVE por importe de 12.074,80 euros, e as referencias técnicas incluídas na súa oferta.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

SEGUNDO.- Contratar a MONTEOLIVA ARQUITECTURA, SLP (CIF B-15148729) para a dirección e a coordinación de seguridade e saúde do contrato de obras de **“REMODELACIÓN DA PRAZA DO CONCELLO”** (Convenio coa Deputación Provincial da Coruña 114/2016)- , polo prezo de 1.892,00 euros, 1.563,64 máis 328,36 euros de IVE, e aprobar un gasto por dita cantidade, con cargo á partida 151.227.06 do Orzamento do Concello para 2017, dispoñendo a súa tramitación como contrato menor de servizos de conformidade cos arts. 111 e 138.3 do TRLCSP.

TERCERO.- Establecer as seguintes intervencións do director facultativo durante a realización das obras e una vez rematadas as mesmas:

· Actuacións antes do inicio das obras:

- O coordinador de seguridade e saúde redactará un informe sobre o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo da Obra, que realizará o adxudicatario unha vez formalizado o contrato, axustado ó Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto, o cal será remitido ó órgano de contratación para a aprobación do dito Plan.

- Dentro do mes seguinte á formalización do contrato efectuarase a comprobación do reformulo, na data que a Administración sinale. Así mesmo corresponderá ao Presidente da Corporación a aprobación do Plan de Residuos nos casos que proceda. Atendendo á natureza da obra, o Presidente da Corporación, a proposta do Técnico Director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo.

· Actuacións relativas ao inicio das obras:

- O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura da Acta de Comprobación do Reformulo.

- O adxudicatario deberá comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente con carácter previo ao comezo dos traballos, documento cuxa presentación deberá exhibir o contratista ao director das obras e ao coordinador de seguridade e saúde.

- Cando o resultado da comprobación do reformulo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

contratista, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na Acta estendida, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ó da sinatura da acta.

· Actuacións relativas á recepción das obras:

- A empresa que executa as obras debe comunicar ao director das obras, con 45 días hábiles de antelación e por escrito, a data prevista para a súa terminación (art. 163 do RD 1098/2001). Recibido o aviso de terminación da execución do contrato o director das obras debe, en caso de conformidade, redactar un informe e elevalo ao órgano de contratación cun mes de antelación respecto da data prevista para a terminación.

- A dirección de obra debe asistir á recepción das mesmas (art. 235 TRLCSP).

- Cando as obras se atopen en estado de ser recibidas na acta de recepción debe fixar a data para o inicio da medición xeral.

- Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas debe sinalar os defectos observados e detallar as instrucións precisas fixando un prazo para remediar os defectos detectados, emitindo un informe sobre as obras realizadas unha vez transcorrido o devandito prazo.

· Actos vinculados á certificación final:

- debe ser aprobada polo director de obra dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción (art. 235.1 TRLCSP *in fine*)

- Segundo dispón o art. 166.1º do RD 1098/2001, no prazo xeral de un mes dende a recepción (pode ser un prazo maior se así se establece nos pregos), o director da obra debe realizar a medición xeral con asistencia do contratista.

- Do acto celebrado levantará unha acta que enviará ao órgano de contratación e, de non asistir, ao contratista (166.4º RD 1098/2001)

- En caso de discrepancia debe realizar un informe, no prazo de 10 días hábiles, sobre as reclamacións presentadas polo contratista contra o resultado da medición xeral e elevalas ao órgano de contratación. (166.6 RD 1098/2001)





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Redactar a correspondente relación valorada, sobre a base do resultado da medición xeral, no prazo de 1 mes desde a recepción (166.7 RD 1098/2001).

- Expedir e tramitar a correspondente certificación final, dentro dos dez días seguintes ao termo do prazo establecido para redactar a relación valorada (166.8 RD 1098/2001) .

· Actos vinculados ao período de garantía das obras.

- Debe ditar as instrucións precisas ao contratista para a conservación e policía da obra durante o período de garantía, nos termos previstos no art. 167do RD 1098/2001.

- Debe redactar un informe sobre o estado das obras dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía (art. 235.3 parágrafo 2).

- Si o informe non é favorable e os defectos observados débense a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

• Actos vinculados á liquidación do contrato.

- No prazo de un mes dende a finalización do prazo de garantía o director da obra formulará a proposta de liquidación das obras realmente executadas (169 RD 1098/2001)

• As demais obrigas recollidas no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos Plans Provinciais (BOP nº 63 do 05/04/2016)

CUARTO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, publicala no Perfil do Contratante e notificarlla a INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.U. con CIF B94098035, citándoa para a sinatura do contrato administrativo que terá lugar dentro dos quince días hábiles seguintes ao da recepción da notificación da adxudicación.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

QUINTO.- Comunicar a MONTEOLIVA ARQUITECTURA, SLP (CIF B-15148729) o seu nomeamento como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do presente contrato de obras.

SEXTO.- Comunicarlle aos interesados que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa) ou, con carácter previo e potestativo, poderán interpoñer recurso de reposición, ante o propio órgano que ditou a Resolución e nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8.- ACEPTACIÓN DA CESIÓN DA COFRARÍA DE PESCADORES DE CAIÓN AO CONCELLO DA LARACHA DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 1865905NH3916N0000SJ SITUADA NO CAMPO DA ÍNSUA DE CAIÓN.-

O secretario da conta do presente expediente no que consta:

Por Resolución da alcaldía 138/2017 de 27 de febreiro de 2017 se solicita subvención ao abeiro da “Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020”, (publicadas no DOG nº 109 do 9 de xuño de 2016), para a construción dun centro comunitario en Caión que se proxecta emprazar, entre outras, na parcela obxecto da presente cesión. O artigo 19.6 e) das citadas bases esixen elevar a escritura pública a cesión da parcela.

Con data 3 de marzo de 2017 (registro nº 1059) ten entrada neste Concello escrito da Confraría de Pescadores de Caión no que se certifica que na xuntanza celebrada o propio día 3 de marzo de 2017 pola súa Xunta Xeral acordouse por unanimidade a cesión ao Concello da Laracha da parcela edificable (de referencia catastral 1865905NH3916N0000SJ) de equipamento administrativo SLEad (Pv), de forma rectangular e superficie douscentos dez metros cadrados.- Linda, vista dende a reserva vial SGV; Frente, con





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

dito vial; dereita, equipamento sanitario SGEsa (pb), esquerda e espalda, espazo libre en parte vinculado a rede viaria SLEL(Pb)-A.- según consta en copia de escritura de aprobación e protocolización de proxecto de equidistribución do polígono do área de reparto nº AR-C1 “Campo da Insua-Caión” do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha o sete de marzo de dous mil sete polo notario de Carballo Don Carlos Mosquera Delgado, número 360 do seu protocolo. A cesión da parcela ten por finalidade que o Concello da Laracha poida contar cun equipamento dun centro comunitario para o núcleo urbano de Caión, garantizándose a Confraría de Pescadores de Caión o dereito de uso dun espazo de reunión e de uso administrativo cuxos gastos de mantemento serían de cargo do Concello. A cesión da parcela estará condicionada a que o Concello leve a cabo a execución do dito centro comunitario no prazo de dez anos. Asemade se autoriza ao presidente de la Confraría de Pescadores de Caión D. José-Héctor Morgade Carracedo para outorgar a escritura pública de cesión da citada parcela.

Segundo o artigo 12 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL):

- 1. La adquisición de bienes a título gratuito no estará sujeta a restricción alguna.*
- 2. No obstante, si la adquisición llevare aneja alguna condición o modalidad onerosa, sólo podrán aceptarse los bienes previo expediente en el que se acredite que el valor del gravamen impuesto no excede del valor de lo que se adquiere.*

Para comprobar o valor do gravame imposto se solicita informe dos servizos técnicos municipais. Con data 6 de marzo de 2017 a arquitecta técnica municipal emite informe no que conclúe que “ *a condición imposta á doazón pola confraría non supón un gravame superior ao valor da parcela que se adquire, segundo o disposto no artigo 12.2 do RBEL*” xa que o valor da parcela cedida é de 130.594,80 euros (segundo a escritura de aprobación e protocolización de proxecto de equidistribución do polígono do área de reparto nº AR-C1 “Campo da Insua-Caión”) e a valoración do gravame imposto ascende a 77.508,90 euros.

Por outra banda a Disposición Adicional 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) establece que: [...] *corresponde a los Alcaldes la adquisición de bienes inmuebles y derechos sujetos a la legislación patrimonial cuando su valor no*





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

supere el 10 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto ni el importe de tres millones de euros, [...]

Non obstante, por Resolución da alcaldía de data 15 de xuño de 2015, resolveuse delegar na Xunta de Goberno Local, entre outras, as seguintes competencias: “*o acordo de adquisición de bens e dereitos, cando corresponda á alcaldía, cuxo importe sexa igual ou superior a 18.000 euros*”.

Visto o informe de intervención, o valor da parcela cedida non supera o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento municipal do exercicio 2017.

Sometido o asunto a votación, a Xunta de Goberno Local, en exercicio das atribucións que ten delegadas polo sr. alcalde, **por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión feita pola Confraría de Pescadores de Caión ao Concello da Laracha da parcela edificable (de referencia catastral 1865905NH3916N0000SJ) de equipamento administrativo SLEad (Pv), de forma rectangular e superficie douscentos dez metros cadrados.- Linda, vista dende a reserva vial SGV; Frente, con dito vial; dereita, equipamento sanitario SGEsa (pb), esquerda e espalda, espazo libre en parte vinculado a rede viaria SLEL(Pb)-A.- según consta en copia de escritura de aprobación e protocolización de proxecto de equidistribución do polígono do área de reparto nº AR-C1 “Campo da Insua-Caión” do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha o sete de marzo de dous mil sete polo notario de Carballo Don Carlos Mosquera Delgado, número 360 do seu protocolo, coas condicións e gravames que constan no acordo de cesión de 3 de marzo de 2017 da Xunta Xeral da Confraría de Pescadores de Caión descritos no corpo do presente acordo.

SEGUNDO.- Elevar a escritura pública a presente cesión e facultar ao sr. alcalde para outorgala.

9.- LICENZAS URBANÍSTICAS.-

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que ten delegadas polo sr. Alcalde mediante Decreto de delegación de atribucións de 15 de xuño de 2015, para “*o outorgamento, denegación, prórrogas nos prazos de execución e demais incidencias relacionadas coas licenzas urbanísticas e o outorgamento nunha*





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

única resolución para os supostos que esixan licenza urbanística ademais da licenza de actividade, segundo o art. 196.2 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia” e “A aprobación da autoliquidación do ICIO e das taxas por outorgamento de licenzas urbanísticas, e no seu caso de actividade, cando á Xunta de Goberno Local lle corresponda o seu outorgamento e ou denegación”, acorda, por unanimidade dos membros presentes:

PRIMEIRO.- Outorgar de conformidade coas condicións particulares que se sinalan e, as xerais precisadas para todas elas, as seguintes LICENZAS urbanísticas:

Exp. 2016/U022/000016.-

- I. Outorgar licenza a Oliva Canedo Rojo para a construción de vivenda unifamiliar de planta baixa en Riotorto, parroquia de Torás, de acordo cos proxectos básico e de execución básico datado do día 8 de xullo de 2016, anexo datado do 8 de marzo de 2017 con anexo a memoria e plano A.01, e proxecto de execución visado o día 4 de novembro de 2016.

Condicións:

- Coordinador de seguridade e saúde: cando na execución da obra interveña mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos, o promotor, antes do inicio dos traballos ou tan pronto como se constate dita circunstancia, designará un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.
- Conta con autorización do director de augas de Galicia, por resolución do día 30 de novembro de 2016 (DH.W15.53757), debendo cumprir coas condicións nela sinaladas, entre elas:

Xerais

1. *As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave.*
2. *Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executa-las obras conservando as servidumes legais existentes.*





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

3. *Toda modificación das características da presente autorización requirirá a aprobación previa de Augas de Galicia.*
4. *A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, e serán pola conta do beneficiario as remuneracións e os gastos que por eses conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*
5. *Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se ditén, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como, en xeral, ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o organismo competente en materia de calidade medioambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*
6. *O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, e quedará obrigado á súa indemnización e a realiza-los traballos que a Administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.*
7. *Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.*
8. *Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis. A revogación declararase por resolución motivada de Augas de Galicia, que poderá adoptar-las medidas que considere necesarias para garanti-las condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.*
9. *Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude de disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións e, en particular, da licenza municipal de obras.*

Particulares

1. *As obras están situadas na parcela de referencia catastral 4098709NH3849N0001AU no lugar de Riotorto na parroquia de Torás (A Laracha) e consisten na construción dunha vivenda unifamiliar en planta baixa cunha superficie construída de 131,03 m².*





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

As acometidas á rde de abastecemento de auga e de saneamento realizaranse á rede xeral.

Á vivenda situarase a uns 71 metros do rego de Riortorto (afluente do rego de Quenxe) pola súa marxe dereita

- 2. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.*
- 3. De xeito especial, prohíbese verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramentas que estiveran en contacto con eles, así como o cambio de aceite de maquinaria de construción.*

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de materiais que poidan incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.

Os residuos xerados durante a construción deberán ser tratados adecuadamente.

- 4. As obras deberán estar rematadas no prazo de doce (12) meses a partir da data de recepción da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido ese prazo.*

- Rematadas as obras, comunicárselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.*
- As obras non se poderán iniciar sen aboar o importe da liquidación provisional do ICIO.*
- Consonte co establecido no apartado I.A.1.2.a) as superficies de iluminación serán como mínimo as seguintes: na cociña 2,53 m², no dormitorio 1 1,48 m², no dormitorio 2 1,49 e no dormitorio 3 1,85 m²*
- O baño xeral terá preinstalación de bidé*
- O rocho deberá de contar cunha ventilación que pode ser híbrida ou mecánica, que permita un caudal mínimo de 0,70 l/s por cada m² e o largo libre da porta de acceso será 0,80 m.*

II. Especificacións:

- Características da edificación existente: dentro da parcela emprazase un anexo acaroado a lindes lateral esquerdo e posterior
- Tipo de solo no que se empraza: solo de núcleo rural
- Ordenanza aplicable: é de aplicación o disposto no Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), artigo 7.2.2. núcleo rural de estrutura tradicional, ordenanza NR-2





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

4. situado dentro da zona de afección da policía de canles do rego de Riotorto (afluente do Quenxe), a vivenda situarase a uns 71,00 m do mesmo pola súa marxe dereita .
5. conta con autorización do director de augas de Galicia, por resolución do día 30 de novembro de 2016 (DH.W15.53757), debendo cumprir coas condicións nela sinaladas
6. Técnico autor do proxecto: arquitecto David Barreiro Loureiro, colexiado nº 3419 do COAG
7. Director da obra: arquitecto David Barreiro Loureiro, colexiado nº 3419 do COAG e arquitecto técnico Manuel Ángel Martelo Rodríguez, colexiado nº 1692 no COAATEE AC
8. Servizos: acceso rodado, posibilidade de conexión á enerxía eléctrica, redes de abastecemento de auga e saneamento municipais, compromiso de executar as obras e instalacións necesarias para garantir todos os servizos.
 - a. Condicións de tipoloxía e uso:

Uso: residencial en caegoría 1ª
 - b. Condicións da parcela:

Superficie: segundo datos catastrais ten unha superficie neta de 931,00 m²

Fronte mínimo: 32,93 m fronte a vía inventariada co número Sx-34 no inventario de camiños 2015.
 - c. Condicións de ocupación da parcela:

Ocupación: superficie ocupada 151,03 m² (16,222 %)

Ocupación segundo o PXOM: 931,00 m² x 50 % = 465,50 m²

Recuamentos e separacións: o anexo acaroado a lindes lateral e posterior e recuado mais de 4,00 m a vivenda proxectada, vivenda mais de 3,00 m a lindeiros e 8,39 m da aresta exterior da explanación da vía inventariada co nº Sx-34 no inventario de camiños 2015 e a 6,39 m da liña de cerramento
 - d. Condicións de volume e forma da edificación:

Altura máxima: máxima 3,47 m en calquera punto das fachadas ata a aresta de intersección entre a cara interior da estrutura de cuberta e a cara interior do muro de peche

Superficie construída: actual 20,00 m² anexo + 131,03 m² vivenda proxectada =151,03 m² (0,151 m²/m²), anexos 20,00 m² (0,02 m²/m²)

Superficie edificable: 999,95 m²x 0,45 m²/m² = 449,98 m²

Forma de cuberta: altura do cume máxima 3,60 m desde a a aresta de intersección entre a cara





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

interior da estrutura de cuberta e a cara interior do muro de peche, inclinación máxima dos faldróns 20 ° (36,40 %), cubrición tella curva cerámica

9. Cumprimento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo Galicia:

a. Segundo o apartado 2. c) da disposición transitoria primeira ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

b. Artigo 40. Edificacións existentes de carácter tradicional

As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.

Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, permitirase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional.

En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

Para os efectos do previsto neste artigo, consideraranse edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana.

c. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe: estarase ao disposto no artigo 91.

10. Cumprimento do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM):

a. É de aplicación o disposto na artigo 7.2.2. núcleo rural de estrutura tradicional, ordenanza NR-2 .

b. Cumprimento disposto no artigo 7.1.6 relativo a condicións das edificacións nos núcleos rurais do PXOM:

as construcións en solo de núcleo rural terán que adaptarse ao ambiente rural e a paisaxe, a tal efecto estarán ao establecido no articulado do PXOM, así como ás normas de composición e estéticas previstas nas respectivas ordenanzas.

fomentarase a utilización de materiais que predominen no resto das construcións





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- non se permitirá que situacións provisionais se prolonguen no tempo como o caso de paramentos sen revestir ou pintar, non se permitiran edificacións en planta alta sobre piares deixando a planta baixa sen pechar
- a edificación será dunha tipoloxía acorde coa estrutura tipolóxica do núcleo
- c. Para cubertas estarase ao disposto no apartado 2 do artigo 3.2.4: os edificios e instalacións en terreos clasificados como núcleo rural e solo rústico terán unha cuberta realizada con materiais cuxa textura e cor se integren no medio rural circundante; admitirase como material de cobertura, a parte da tella, metais que co tempo adquiren unha pátina sen brillo, como o cobre ou o zinc; de optar por cuberta plana, o acabado final será axardinado, de grava solta ou pavimento cerámico pétreo. Prohíbese expresamente o emprego de pizarra negra, así como materiais metálicos de pátina brillante ou coreados artificialmente, que traten de imitar outros materiais.
- d. Non permitirán paredes cegas de aparencia estética similar ás paredes medianeiras ou de calidade estética secundaria. Todos os cerramentos exteriores serán tratados co mesmo nivel de calidade.
- e. Condicións particulares de integración:
- As construcións de nova planta ou as ampliacións en elementos existentes, deberán estar integradas ao medio rural e a paisaxe propondo tipoloxías que non alteren a estrutura fundamental do núcleo, deberán de valorarse os seguintes aspectos:
- A adaptación á topografía e demais elementos de tipo físico como camiños, cómaros, muros, valados, vexetación..., que tamén deben de conservarse.
 - Prohíbense os desmontes e terrapléns mais aló da superficie ocupada pola edificación.
 - As construcións deberán compoñerse a base de volumes elementais cuxas dimensións, proporción e escala serán acordes ás construcións do propio núcleo.
- A elección de materiais deberá ser xustificada, buscándose aqueles materiais de acabado cuxa textura e cor se integren cos predominantes no núcleo, descartaranse aqueles de acabado brillante ou que reflectan en exceso a luz e a imaxe
- Admítese a utilización de metais que co tempo adquiren unha pátina sen brillo (cobre, zinc e aceiro inoxidable ou aceiro cortén); permítese o uso de aluminio lacado, a cor integrarase no contexto.
- Fuxirase de imitacións e mimetismos respecto da arquitectura tradicional; non se utilizarán materiais ou técnicas construtivas que aparente outras de suposta maior categoría.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

11. Cumprimento do Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, do polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, os residuos perigosos deben ser retirados e enviados a xestores autorizados
 - a. O custo previsto da xestión é de 660,00 euros.
12. Cumprimento do establecido no RD 235/2013, de 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética dos edificios: o proxecto conta con certificado de eficiencia enerxética, asígnaselle a clase B de eficiencia enerxética ao edificio
13. Cumprimento do Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, código técnico da edificación (CTE):
 - a. Seguridade estrutural: cumprirá na execución co DB SE e cos documentos básicos seguintes:DB SE AE accións da edificación, DB SE C cimentos.

Teranse en conta tamén, as especificacións da normativa seguinte:NCSE norma de construción sismorresistente na parte xeral e edificación, EHE instrución de formigón estrutural, EFHE instrución para o proxecto e a execución de forxados unidireccionais de formigón estrutural realizados con elementos prefabricados
 - b. Seguridade de utilización: cumprirá na execución co DB SUA na parte que lle é de aplicación
 - c. Seguridade en caso de incendio, cumprirá na execución co DB SI cos documentos seguintes:SI 1 propagación interior, SI 2 propagación exterior, SI 3 evacuación de ocupantes, SI 4 instalacións de protección contra o lume, SI 5 intervención de bombeiros e SI 6 resistencia ao lume da estrutura disporase dun extintor portátil de eficacia 21A-113B
 - d. Salubridade: cumprirá na execución co indicado no DB HS:

HS1 protección fronte a humidade limitarase o risco previsible da presenza inadecuada de auga ou humidade no interior do edificio e os seus peches.

HS2 recollida e evacuación de residuos dentro parcela disporá de espazo de reserva para contedores, dentro da vivenda espazo de almacenamento inmediato.

HS3 calidade do aire interior: a ventilación pode ser híbrida ou mecánica, o aire debe circular desde os locais secos aos húmidos, os aseos, cociñas e baños deben dispor de aberturas de extracción; as cociñas deben dispor de un sistema adicional específico con extracción mecánica para os vapores e os contaminantes da cocción e debe dispor dun extractor conectado a un conduto de extracción independente dos da ventilación xeral da vivenda que non pode utilizarse para a extracción de aire de locais de outro uso. A evacuación dos produtos de combustión das





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

instalacións térmicas producirase con carácter xeral, pola cuberta do edificio, con independencia do tipo de combustible e o aparato que se utilice.

HS4 subministro de auga. Os equipos de produción de auga quente dotados de sistemas de acumulación e os puntos terminais de utilización terán unhas características tales que eviten o desenvolvemento de xermes patóxenos.

HS5 evacuación augas residuais.

e. Aforro de enerxía: cumprirá na co indicado no DB HE:

HE1 limitación de demanda enerxética: disporá dunha envolvente de características tales que limite adecuadamente a demanda enerxética para alcanzar o benestar térmico

HE2 rendemento das instalacións térmicas

HE3 eficiencia enerxética das instalacións de iluminación: disporá de instalacións de iluminación adecuadas e á vez eficaces enerxéticamente

HE4 contribución solar mínima de auga quente sanitaria, debe de terse en conta que a instalación solar térmica será tal que ningún mes o aporte será superior 110 % da demanda, nin tres meses seguidos superará o 100 % dela Proxéctase unha contribución solar anual media do 50,80 %.

f. Protección fronte ao ruído: cumprira na execución o indicado no DB HR.

14. Cumprimento do Decreto 29/2010, de 18 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia:

a. a vivenda deberá de ter consideración de vivenda exterior

b. iluminación natural e luz directa desde o exterior nas pezas, fiestras situadas no plano da envolvente exterior dunha superficie de iluminación mínima de 1/8 da superficie útil, a altura máxima do antepeito será de 1,10 m

c. cumprirá coas condicións de composición e compartimentación, programa e alturas mínimas

d. cumprirá coas condicións dimensionais, funcionais e dotacionais

15. Orzamento: NOVENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CINCUETA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (son 95932,55 euros)

III. Vincular á edificación a finca inscrita no rexistro da propiedade de Carballo co nº 18565, tomo 1147, libro 152, folio 123 . Despois de descontarlle a superficie de cesión queda unha parcela neta de 931,00





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

m² (segundo datos catastrais). O terreo comprendido entre a liña de cesión e a vía, debe quedar explanado completamente á cota da mesma.

IV. Aceptar, para a regularización de viario que da fronte a parcela, a cesión de 68,95 m² na fronte á vía inventariada co nº Sx-34 no inventario de vías 2015, linda norte Julio Álvarez Ramilo e Carmen Ríos Varela, sur Jesús Rodríguez Castro, leste camiño co nº Sx-34 e oeste resto da parcela.

V. Aproba-la liquidación provisional da cota polo imposto do ICIO por importe de 1918,65 euros.

VI. Aproba-la taxa por licenza urbanística por importe de 287,80 euros, considerando a liquidación practicada o día 15 de xullo de 2016 por 246,99 euros, como ingreso a conta de liquidación, resultando unha diferenza a ingresar de 40,81 euros (287,80 - 246,99).O pago deberá de realizarse de acordo co sinalado na lexislación tributaria.

SEGUNDO.- Dar traslado da licenza urbanística outorgada ao interesado comunicándolle que contra o presente acordo poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día da notificación da presente resolución (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa) ou, con carácter previo á interposición do recurso contencioso-administrativo poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o propio órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes, en cuxo caso, o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo empezará a contar desde a notificación da resolución desestimatoria, se fora expresa, ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá se, no prazo de un mes, non se resolve o recurso de reposición interposto. De conformidade co disposto no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 108 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, contra as liquidacións practicadas poderá formular recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita, sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.

E non habendo mais asuntos de que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

minutos, da que como secretario estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao sr. alcalde.

